

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000011

ACTA Nº 2019/11

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO , XOVES 19 DE DECEMBRO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 19:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do pleno da corporación.

Preside:benigno galego castro

Asisten:Rocio Martinez Martinez, Candido-Eusebio Prieto Lago,David Prada Aneiros,Patricia Santalla Perez,Marina Tojeiro Martinez, Alberto Javier Rey Paz,María Amalia Díaz Rodríguez .

Ausencias:Cristian Carrodegua Graña

Secretaria – interventora:Paula Díaz Tíe

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na


ORDE DO DÍA

1.Aprobación , da acta do pleno reunido o día 22/10/2019 . Os membros dos pleno por unanimidade aprobaron a acta antes mencionada . O concelleiro Alberto Rey Paz fai unha observación a cerca dunha das súas intervencións que entende que non corresponde coa pregunta formulada .

2.-Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único De Concellos).Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte :
Atendendo as necesidades municipais en investimentos e gasto corrente para o ano 2020 ,esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello o seguinte acordo : 1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”,”achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	0,00	0,00



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000011

Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	0,00	0,00
Subtotal pago a provedores	0,00	0,00	0,00


B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	104.815,11 €
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00
Subtotal gasto corrente	104.815,11 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2020	0,00	0,00	0,00

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Abastecemento de auga en Casavella (A Barqueria) e outros	25.366,21	5.567,52	30.933,73
Subtotal investimentos achega provincial 2019	25.366,21	5.567,52	30.933,73



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000011

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	0,00	0,00	0,00


Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0,00

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	0,00		0,00
	Achega 2020	0,00		0,00
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	104.815,11		104.815,11
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	0,00		0,00
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	0,00	0,00	0,00
	Achega 2019	25.366,21 €	5.567,52	30.,933,73



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es


exp. 2019/G010/000011

	Préstamo 2020	0,00	0,00	0,00
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	0,00		0,00
TOTAL	Achega 2020	104.815,11	0,00	104815,11
	Achega 2019	25.366,21	5567,52	30.933,73
	Préstamo 2020	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	130.181,32	5567,52	135.748,84

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Camiño Penadobico -Casaldegonce -limite Concello	112.951,44
TOTAIS	112.951,44

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es


exp. 2019/G010/000011

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente. **Os membros do Pleno por unanimidade das persoas asistentes ao Pleno ,aprobaron a proposta anterior.**

O alcalde explica que o POS +2020 adicárase a financiar en 104.815,11 a gastos xerais , realizarase un investimento por 30.933,73 para levar auga a Casavella e cambiar unha tubería en Camperia para evitar mais roturas e o Pos complementario adicárase a aglomerar a pista de Penadobico a Casaldegonce , seguindo o criterio de aglomerar as pistas de maior uso .

3.- Aprobación do Presuposto municipal para o ano 2020. Leída a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte :Unha vez realizado o proxecto de presuposto municipais para o ano 2020 que ascende a un total de ingresos e gastos de 1.218.660,00 euros, cos que se pretende facer fronte a tódolos proxectos de gastos que pretende realizalo concello no vindeiro exercicio económico e que se concretan na documentación que obra no expediente de aprobación do presuposto e atendendo o disposto nos artigos 162 e seguintes do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais normativa a aplicar, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte **ACORDO:Primeiro:** Aprobar inicialmente o presupostos deste concello para o ano 2020, por unha cantidade, tanto a nivel de ingresos como de gastos de 1.218.660,00 euros que se resume por capítulos nos cadros seguintes

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Cap	Denominación	Euros	Cap	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	499.914,05	1	Impostos directos	224.000,00
2	Gastos en bens correntes	479.870,00	2	Impostos indirectos	5.000,00
3	Gastos financeiros	1000,00	3	Taxas e outros ingresos	154.207,79
4	Transferencias correntes	15470,00	4	Transferencias correntes	628.547,20
		0,00	5	Ingresos patrimoniais	17.300,00
6	Investimentos reais	220.405,95	6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	2000,00	7	Transferencias de capital	189.605,01
8	Activos	0,00		Activos financeiros	0,00



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000011


	financeiros				
9	Pasivos financeiros	0,00 €	9	Pasivos financeiros	0,00 €
Suma		1.218.660,00	Suma		1.218.660.00

Segundo: Aprobar o cadro de persoal do concello para o ano 2020 que figura como anexo deste acordo. **Terceiro:** Iniciar o período de exposición ó público por un período de quince días no BOP e no taboleiro de anuncios do concello. No caso de que non se presentaren reclamacións neste prazo o presuposto para o ano 2020 considerárase definitivamente aprobado, polo que se deberá publicar, resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica do concello. **Cuarto:** Remitirlle unha copia dos presupostos a Administración Autonómica e a Administración do Estado, así como unha copia do cadro de persoal. ANEXO :CADRO DE PERSOAL 2020. **Cadro de persoal 2020.A.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Situación	Nivel
*Funcionario de Administración local con Habilitación de carácter estatal					
Secretaria - Intervención	A1	Secretaria - Intervención		Cuberta	28
*Escala de administración xeral:					
Administrativo	C1	Administración xeral	Administrativa	Cuberta	22
Administrativo	C1	Administración xeral	Administrativa	Vinculado a promoción Interna	20
Auxiliar administrativo	C2	Administración xeral	Auxiliar administrativa	Cuberta a amortizar	18
*Escala de administración especial					
Traballador social - coordinador sociocultural	A2	Administración especial	Técnica	Cuberta	26
Arquitecto técnico	A2	Administración especial	Técnica	Vacante xornada parcial 20%	24

B.- PERSOAL LABORAL

Denominación	Nº prazas	Situación	Observacións
Conductor maquinaria	1	Vacante	



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000011

Oficial Servizos varios	1	Vinculado a promoción Interna	
Servizos varios	1	Cuberta	
Peón	1	Cuberta .A amortizar	
Auxiliar de axuda a domicilio	6	Vacantes	Persoal contratado ao abeiro dun Convenio coa Deputación a Subvención da Xunta de Galicia
Animador - sociocultural	1	Vacante	Persoal contratado cunha subvención da Deputación

Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría dos asistentes aprobaron a proposta anterior . Seis votos a favor dos concelleiros Rocio Martinez Martinez,Candido-Eusebio Prieto Lago,David Prada Aneiros,Patricia Santalla Perez,,Marina Tojeiro Martinez, e o voto do Sr alcalde e dúas abstencións dos concelleiros Alberto Javier Rey Paz,Maria Amalia Diaz Rodriguez


O Concelleiro Alberto Rey Paz , toma a palabra para afirmar que a presentación dos presupostos non é afortunada , se fala de que os servizos sociais non son competencia da administración local e que a cuota que paga a xunta , 9,70 é insuficiente , pero non se aclara nada a cuota que debe pagar a Administración do Estado .

O Alcalde toma a palabra para explicar que a a chega que fai o Estado é para a Xunta , e que é a Xunta é a que fai a achega aos concellos . A memoria da alcaldía o que explica é que o gasto en servizos sociais cada ano é maior para o concello, a achega da xunta de 9,70 permanece invariable dende o ano 2008 e os salarios e material suben continuamente. O prezo para o concello e o redor de 14/15 euros pero como suba moito mais cando remate este contrato, haberá un gran problema para o concello. A competencia é impropia , non é unha competencia municipal .

O concelleiro Alberto Rey Paz, pide información sobre os gastos de recollida de lixo que nos orzamentos parecen que soamente aparecen 14.000 euros para mantementos e 25.000,00 para tratamento de lixo

O alcalde explica que recentemente , no expediente de modificación da ordenanza para a recollida de lixo fíxose un informe de costes do servizo que determinaba que o conсте rondaba os 70.000,00 € , tamén hai que ter en conta os gastos de persoal , reparación do vehículo etc

O concelleiro Alberto Rey Paz , solicita aclaración sobre o informe de intervención onde se establece que o presuposto presentase fora de prazo e que falta documentación e pon de manifesto que o gráfico que representa os gastos e ingresos , é o mesmo .



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es


exp. 2019/G010/000011

O concelleiro Cándido Prieto Lago afirma que Cerdido , será un dos poucos concellos que aproben os presupostos municipais antes do 1 de xaneiro e que o mais importante é que os orzamentos se aproben en decembro , en canto a documentación que falta , que tras unha intervención da secretaria -interventora que afirma que é unha planificación a catro anos , cree que é moi difícil facela nun concello pequeno e que nunca se fixo noutros anos e gobernos . É un documento que non é fácil de realizar , e fixemos un documento realista .

O alcalde explica que o orzamento baixa en cantidade e que espera que no mes de marzo / abril a Deputación aprobe un novo pos coa mesma cantidade que o que hoxe aprobamos , polo que no seu momento modificárase o orzamento

4.-Dar conta ao órgano competente da relación de decretos aprobados pola Alcaldía.

Decreto	Fecha Firma	Asunto
181/2019	11-10-2019	Alta no Padrón Municipal de Habitantes en Porto, 33, A Barqueira
182/2019	17-10-2019	Alta no padrón municipal de habitantes en Barbas, 2, A Barqueira
183/2019	17-10-2019	Decreto aprobación liquidación e nómina traballadores PEL 2019, fin de contrato
184/2019	17-10-2019	Convocatoria do Pleno ordinario de outubro
185/2019	17-10-2019	Convocatoria Subvenciones Nominativas
186/2019	25-10-2019	Contrato Menor de subministro dunha carpa para os días 2/3 novembro 2019 para a feira da Chanfaina e o SAMAIN
187/2019	28-10-2019	Aprobación pago nóminas outubro, axuda de custo, e subvencións CEIP A Barqueira e Comisión de Festas A Barqueira
188/2019	30-10-2019	Devolución de garantía no expediente de contratación de Subministro dunha desbrozadora de brazo con cabezal avanzado para acoplar a tractor 2017
189/2019	31-10-2019	Decreto de contratación de persoal para cubrir unha baixa de ILT de axuda no fogar
190/2019	31-10-2019	Aprobación do expediente de contratación da obra :Reparacións no Polideportivo Municipal. POS + 1/2019 ADICIONAL




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000011

191/2019	31-10-2019	Contrato Menor de servizos para a realización dunha festa tematizada con animación musical e Obradoiro de decoración de cabazas e xogos populares familiares para os máis peques, con cabazas, castañas
192/2019	04-11-2019	Convenio de colaboración interadministrativa entre os concellos de Cerdido, Mañón e Ortigueira para a prestación do servizo de asesoramento e desenvolvemento local durante o exercicio 2019-2020, dentro das políticas activas de emprego promovidas pola Xunta de Galicia.
193/2019	06-11-2019	Decreto de aprobación de gastos, fac. 2019/1042 a 2019/1169 e fac. 2019/1023.
194/2019	05-11-2019	Solicitud de uso do polideportivo para adestramentos
195/2019	06-11-2019	Solicitud de cambio de vehículo da licenza de taxi
196/2019	06-11-2019	Construcción de silo forraxeiro de 25x10x2.5 m.
197/2019	06-11-2019	Relación de recibos correspondentes ó mes de outubro do 2019 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
198/2019	08-11-2019	Aprobación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais
199/2019	12-11-2019	Devolución da garantía do contrato da obra : Acondicionamento area recreativa o Castro e outros
200/2019	12-11-2019	Decreto de aprobación do contrato Menor de servizos para a dilección da obra : Camiño en Carballal (Cerdido) e outros POS +2019
201/2019	12-11-2019	Adxudicación do contrato de obra: Camiño en Carballal (Cerdido) e outros Procedemento aberto simplicadísimo , Licitación electrónica POS +2019
202/2019	15-11-2019	Plan de disposición de fondos do Concello de Cerdido
203/2019	19-11-2019	Contrato Menor de servizos para a redacción dos proxectos de obra e demais documentación técnica para solicitar el POS+ 2020
204/2019	20-11-2019	Contrato menor para a realización dunha representación teatral a través da Rede Cultural da Deputación da Coruña




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000011

205/2019	20-11-2019	Aprobación de gastos, facturas de 2019/1170 a 2019/1237, e outros
206/2019	25-11-2019	Solicitude de autorización para usar os dous locais de Avispeira o 14 de decembro
207/2019	25-11-2019	Reforma de vivenda en Rioforcado 7
208/2019	27-11-2019	Decreto de aprobación de gastos: nóminas, quilometraxe e seguridade social de novembro conta xustificativa subvención
209/2019	28-11-2019	Reforma e ampliación de vivenda en Regueirolongo
210/2019	28-11-2019	Decreto de contratación de persoal para sustitucion de persoal de SAD temporal
211/2019	28-11-2019	Autorización de acceso a información e copia de expediente a concelleiros
212/2019	28-11-2019	Adquisición de subministro varios para actividades de nadal 2019
213/2019	28-11-2019	Convocatoria de pleno infantil
214/2019	29-11-2019	Contrato Menor privado . Actuación teatral , "Defectos de fábrica "
215/2019	29-11-2019	Contrato Menor privado Actuación do Mago Romarís no Concello de Cerdido co espectáculo Cousas Imposibles; o día 18 de decembro de 2019. Actuación incluída na programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña 2019.
216/2019	02-12-2019	Decreto de contratación de persoal para substituír vacacións SAD
217/2019	05-12-2019	Alta no padrón municipal de habitantes en Campo da Igrexa, 7, Os Casás
218/2019	05-12-2019	Contrato Menor de obra para a instalación de dúas reductoras de presión para a abastecemento de auga nos lugares de A Vila da Igrexa e A Cruz Encarnada..
219/2019	05-12-2019	Relación de recibos correspondentes ó mes de novembro do 2019 do prezo público pola prestación do servizo de axuda
220/2019	05-12-2019	Contrato Menor de realizar melloras na vivenda municipal 1 piso , cambio de mobles de cociña e reparación de portas



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000011

221/2019	09-12-2019	Contrato Menor reparación do tellado de do LAVADOIRO EN LAMIGUEIRO VELLO, SOOSLOUREIROS Inventario : 1RS025022
222/2019	11-12-2019	Decreto sobre a non Division en lotes dos proxectos de obra a presentar ao POS+ 2020

O concelleiro Alberto Rey Paz , solicita información sobre o Plan de incendios dado que o publicado na sede conten datos de 2017 e pide información sobre si é o mesmo que aparece nos decretos

O alcalde explica que asinouse un convenio con SEAGA para realizar labores de prevención de incendios no tema das distancias das plantacións , onde figura que nos enviaban este documento e engade que lle extraña moito que o actual plan este publicado na sede electrónica .

5.- Rogos e Preguntas

O concelleiro Alberto Rey Paz , fai os seguintes rogos e preguntas :

1.-¿ Realizáronse algúns trámites máis en relación as cámaras de vixilancia solicitadas no anterior pleno ? O alcalde explica que enviouse o acordo a Xunta

2.-¿ Existe algunha novidade en relación ao Polígono Industrial? O alcalde explica que algo estamos facendo .

3.- Solicita que se realice algún investimento no Carballeiro para evitar que as augas pluviais invadan a propiedade da veciña que alí reside . O Alcalde contesta que coñece o problema ,pero que non é doado de solucionar .


4.- Pon en coñecemento da Alcaldía dun desprendemento de terras en Gondredo , O alcalde explica que non tiña coñecemento del e que mañá irase a ver .

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez , fai os seguintes rogos e preguntas :

1., ¿si o titular do terreo do polígono pode plantar ?, o alcalde explica que deberá pedir permiso o órgano competente da Xunta de Galicia

2. Comunica a existencia de varios arbores , a piques de caer xunto a marquesiña en Diaz . O alcalde explica que non se pode entrar en propiedade privada para cortalos.

3. Comunica a mala sinal de telefonía móbil en varios lugares , entre eles Díaz, Campeira . O alcalde explica que si se fala coas compañías , eles aseguran un 100% de cobertura aínda que non existan e propón enviar un escrito a tódalas compañías advertindolle do problema .



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000011

Antes de rematar o Pleno , o alcalde pon en coñecemento dos concelleiros que o día nove de xaneiro , acudirá ao concello unha persoa enviada pola Deputación da Coruña para fomentar a administración dixital , por si algún concelleiro ten algún problema o lle interesa saber como funciona , pode acudir ese día ao concello e comunica ao concelleiro Alberto Rey Paz que pode pasar a recoller a documentación solicitada , este informa que non lle chegou a notificación .

Ás 20:15 horas do día 19/12/2019 non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Cerdido, venres 20 de decembro de 2019

A secretaria, Paula Díaz Tie

O alcalde, Benigno Galego Castro